



DISCURSO VIII GALA LIBRO GALEGO | PREMIOS FOLLAS NOVAS | 22.04.2023

Henrique Alvarellos, pte. AGE. En representación das tres Asociacións.

Boa tarde,

En nome das tres asociacións que integramos estes Premios, a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, a Federación de Librerías de Galicia e a Asociación Galega de Editoras, douvos a benvida co **agradecemento** pola vosa presenza nestes Premios Follas Novas do Libro Galego. Agradecemento que estendemos ás institucións que fixeron posible o desenvolvemento desta nosa gala anual: Concello de Santiago, Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Cedro.

Un especial saúdo á xornalista e activista mexicana **Lydia Cacho**, que desde hoxe é Escritora Galega Universal, e que de seguido será homenaxeada cos Premios de Honra. Estes Premios tamén recoñecerán o labor da histórica **Ediciós do Castro** e da prezada librería compostelá **Numax**. Proxectos vitais, traballos exemplares, da nosa historia e para o noso futuro.

As obras, e proxectos lectores, que hoxe chegaron ata aquí como finalistas, e que saen premiadas nesta tardiña, **representan a excelencia** da nosa cultura escrita durante o ano 2022. Fóra poderán ter quedado outras igualmente merecentes, non hai dúbida, isto sucede sempre, pero as que están, son. Chegaron ata aquí, como xa moitas sabedes, despois dun longo proceso que se iniciou coa votación das bases asociativas de cada unha das tres entidades, e logo unha segunda fase xa de elección por parte dun xurado profesional. O noso agradecemento tamén a todas as persoas participantes e ao xurado, polo seu traballo.

Hoxe é día, como dicimos, de Festa para o libro galego. Véspera do **Día do Libro**, e nun ano, este 2023, no que homenaxeamos a **Francisco Fernández del Riego**, incansable editor, intelectual e activista. No seu ronsel seguimos teimando...

E porque é día de Gala imos falar de luces, de luces e —por que non— de desexos.

Vai o primeiro: desexamos que o libro galego supere esas ínfimas cifras de negocio que non alcanzan o **10% do mercado do libro en Galicia**. Reparade que no País Vasco, o mercado do libro en éuscaro é o dobre que o galego. En Catalunya, o triplo.

Se hai algo que nos move a todas as que hoxe estamos aquí é —non hai dúbida— a lectura, a lectura na lingua que nos define e explica. Ben sabemos dos **poderes da lectura**. Esa ximnasia mental que enche de contidos o día a día; que nos dá outras miradas para engadir á nosa. Que ensancha a nosa existencia e a multiplica. Que axuda a comprender o mundo, tan necesitado como está hoxe de pensamento reflexivo e crítico.

Que máis podemos pedir?

Seguimos: Desexamos un verdadeiro, transversal, sedutor e ben dotado **Plan de Lectura en galego**. A lectura, e a cultura, debe ser un eixo fundamental das políticas públicas, ao mesmo nivel que as políticas sanitarias, as educativas e as de servizos sociais. Galicia segue á cola das comunidades lectoras do Estado Español. Desexamos que tornen as estatísticas e cambien de cor os mapas lectores.

A ausencia dun gran plan lector está a ser **coverta pola acción, moitas veces individual** e altruísta, das persoas creadoras, das librarías que estenden o seu horario para dar acubillo a tantos actos, das editoras que organizan, organizamos, todo tipo de accións de activismo cultural, da grand labor dos clubs de lectura, das docentes, do persoal das bibliotecas...

Desexamos poder **viaxar cos nosos contidos a outras culturas, e que outras veñan a nós**. Que o libro galego poida dialogar con outros mercados. Para isto, que non é doado, precisamos que a Xunta de Galicia axude dunha maneira eficaz, que acompañe ao sector, que estea aberta ao diálogo, que escoite.

Desexamos, en fin, que o libro sexa considerado un **sector estratéxico** na nosa sociedade. Así está aprobado por unanimidade desde hai case 20 anos, na Lei 17/2006 do 27 de decembro, a **Lei do Libro** e da Lectura de Galicia. Capítulo 1 Artigo 2:

A Xunta de Galicia recoñecerá o carácter estratéxico e prioritario do sector do libro pola súa importancia cultural, social e económica, como instrumento para a expresión do dereito á creación, á promoción e á divulgación da cultura, da historia e da lingua de Galicia.

Porque o libro aporta **identidade**, é fornecedor de identidade.

E para todos estes desexos que formulamos... que ofrecemos nós? Que ofrecemos quen nos dedicamos, día a día, a crear, a dar forma e a comercializar o libro galego?

Ofrecemos unha innegable calidade: o sistema literario galego conta, por exemplo, con máis de 25 Premios Nacionais en activo, dende os anos 80 ata hoxe, os Premios a nivel estatal que outorga cada ano o Ministerio de Cultura. Temos Premios Nacionais en absolutamente todos os xéneros. Temos máis do dobre, por exemplo, que a literatura catalá, para facérmonos unha idea.

Ofrecemos **bibliodiversidade**: editamos todo tipo de libros, todo tipo de historias, todo tipo de formatos e para toda clase de públicos. Cunha calidade, en fondo e forma, equiparable a calquera cultura da chamada “Europa avanzada” na que poidamos pensar.

Ofrecemos **librarías** que exercen cada vez máis ese importantísimo papel de espazos socioculturais, establecementos que conseguen crear comunidade. Lugares onde atopar libros que, por fin, pouco a pouco, van aparecendo xa nos andeis clasificados por xéneros, e non por linguas. Como Numax, a librería homenaxeada hoxe. Ademais, a Federación de Librarías vén de pór en marcha a súa Axenda Cultural, un espazo na Rede onde reúne e dá visibilidade a todas as moitas actividades organizadas, en toda Galicia, polos seus establecementos.

Estes foron os nosos desexos e isto, o que ofrecemos. En todo desexo latexa a **esperanza**. Ningún de nós estaríamos hoxe aquí sen posuír o pleno convencemento de que a nosa cultura, a nosa cultura escrita, de que o libro galego vivirá nas mans expectantes e na mirada aberta e desprexuzada das futuras xeracións. Para eles, para nós, traballamos.

Deixádeme concluír con **Paco del Riego**. O admirado editor pechaba deste xeito as súas memorias, tituladas *O río do tempo*, publicadas por Edicións do Castro, en 1990. Tiña naquel intre 77 anos:

Tras de min quedan as pegadas dunha longa etapa de desacougos e de ilusións. Diante dun futuro, que xa non contemplarei, deséñase un camiño esperanzador cara o horizonte no que tanto soñamos.

“Horizonte que iremos **construíndo** —engadimos nós— **libro a libro**”.

Grazas.